Padrón

Exmo. Concello de Padrón
CIF P-1506600 D
Rúa Longa 27
15900 - Padrón (A Coruña)
www.concellodepadron.es
Tfno: 981810451
Fax: 981811550

ANUNCIO: RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES PRESENTADAS POR DONA BEATRIZ VIDAL ELORDUY O 22 DE SETEMBRO DE 2010, NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN CONVOCADO POLO CONCELLO DE PADRÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE TRABALLO DE TÉCNICO DE TURISMO.

Faise público que o Tribubal Cualificador encargado de valorar as probas e supervisar o proceso convocado polo Concello de Padrón para a provisión temporal dun posto de técnico de turismo, na súa reunión do día 23 de setembro de 2010, adoptou os seguintes acordos:

<<En relación á solicitude de revisión e anulación da pregunta 15 do cuestionario da primeira proba da fase de oposición, o Tribunal comproba que, tal e como alega a solicitante, existe un erro na resposta b) que era a correcta: onde di "*b) Juan Lorena*" debería ter dito "*b) Juan Loreda*". En consecuencia o Tribunal, por unanimidade dos seus membros, **ACORDA**:

Primeiro. Anular a pregunta número 15 do cuestionario da primeira proba da fase de oposición posto que se cometeu un erro na resposta b) que era a correcta: onde di "*b) Juan Lorena*" debería ter dito "*b) Juan Loreda*" e sustituila pola primeira pregunta de reserva (a número 51).

Segundo. Revisar as puntuacións outorgadas a todas e todos os aspirantes na primeira proba da fase de oposición, realizada o quince de setembro de dous mil dez, tendo en conta a resposta marcada por cada unha ou un deles na pregunta número 51 e, en consecuencia, por aplicación da fórmula prevista na base 11 das que rexen este procedemento mediante o emprego dunha folla de cálculo que se une á presente acta como Anexo I, outorgar as seguintes que sustitúen ás publicadas no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do mesmo o 20 de setembro de 2010:

Nº	APELIDOS E NOME	RESPOSTAS CORRECTAS	RESPOSTAS INCORRECTAS	PREGUNTAS SEN CONTESTAR	PUNTUACIÓN
1	AVILÉS CALO, MIRIAN.	35	10	5	6,50
2	BLANCO CASTAÑO, ROSA MAR.	Non presentada			
3	GARCÍA PERNAS, CATHERINE.	34	7	9	6,45
4	REY CASTRO, ALBERTO.	37	6	7	7,10
5	TAIBO PAZ, MARÍA DEL CARMEN.	34	8	8	6,40
6	VIDAL ELORDUY, BEATRIZ.	39	9	2	7,35

En relación á puntuación que se outorgou na fase de concurso a dona Beatriz Vidal Elorduy, o Tribunal fai constar que:

Primeiro. A petición da solicitante non é correcta. Di literalmente "*lle sexa revisado e baremado correctamente o meu expediente académico*" cando na documentación achegada coa instancia de participación no concurso-oposición non consta o seu expediente académico. Non obstante, tendo en conta os exponendos que figuran no escrito presentado o 22 de setembro de 2010, NRE 7.982, o Tribunal entende que debe entrar nos mesmos e explicar os criterios seguidos e que se relacionan nos apartados seguintes.

Segundo. Os servizos prestados pola solicitante para o Patronato do Museo do Pobo Galego, foron valorados no apartado A.2 ao entender que este Museo non é unha administración pública senón unha asociación sen ánimo de lucro non dependente ou vinculada de ningunha administración pública, tal e como consta nos seus estatutos e de acordo á definición de administración pública que realiza o artigo 2 da Lei

30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Asemade, segundo o informe de vida laboral aportado a duración dos servizos foi de 82 días, esto 2 meses e 22 días, e de acordo ao establecido na base 10.5.A das que rexen estre proceso "*non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días naturais*". Polo tanto a puntuación outorgada foi de 0,30 (2 meses x 0,15 puntos/mes = 0,30).

Terceiro. Os servizos prestados para Información e Comunicación, SA, foron valorados no apartado A.2 en tanto que o foron para unha empresa privada e dado que segundo o informe de vida laboral aportado a duración dos servizos foi de 122 días, esto é 4 meses e 2 días, e que segundo a base 10.5.A das que rexen estre proceso "*non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días naturais*", a puntuación outorgada foi de 0,60 (4 meses x 0,15 puntos/mes = 0,60).

Cuarto. Os servizos prestados para o Concello de Riveira foron valorados no apartado A.1 en tanto que o foron para unha administración pública e posto que segundo o contrato laboral a xornada laboral foi de 30 horas á semana, o que supón o 75% da xornada laboral ordinaria (40 horas á semana), e que segundo a base 10.5.A das que rexen estre proceso "*a puntuación reducirase proporcionalmente polos prestados a tempo parcial*" a puntuación por mes é de 0,15. De acordo ao informe de vida laboral aportado a duración dos servizos foi de 1 mes e 11 días, contados desde a data de alta (12.06.2010) ata a data de expedición do devandito informe (22.07.2010). Asemade, tendo en conta que a base 10.5.A das que rexen este proceso establece que "*non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días naturais*", a puntuación outorgada por estos servizos foi de 0,15 (1 mes x 0,15 puntos/mes = 0,15).

En consecuencia e sobre a base dos argumentos expostos, o Tribunal, por unanimidade dos seus membros, **ACORDA**:

Primeiro. Desestimar as alegacións formuladas por dona Beatriz Vidal Elorduy en relación á puntuación que se lle outorgou no apartado "*A) Experiencia laboral*" da fase de concurso, acordada por este Tribunal en sesión realizada o 10 de setembro de 2010 e feita pública o 13 de setembro de 2010 no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do mesmo e, en consecuencia, ratificar esta última en todos os seus términos.

Segundo. Facer público o presente acordo mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do mesmo.

Padrón, 23 de setembro de 2010.
A presidenta do tribunal,

Asdo. María Cruz Taboada Álvarez.